



IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira, s/n – Torneiros, 36410 O PORRIÑO
Tef.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES RIBEIRA DO LOURO O PORRIÑO

DEPARTAMENTO DE DEBUXO TECNICO e ARTÍSTICO, EDUCACION PLASTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

CURSO 2022- 2023

PROGRAMACIÓN ESO E BACHARELATO

Índice

1. Introducción e contextualización	páxina 1
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	páxina 3
3. Concrecións metodolóxicas dos estándares de aprendizaxe.	páxina 17
4. Programación 4º ESO.	páxina 19
5. Criterios de cualificación para 4º ESO.	páxina 33
6. Programación 2º BACHARELATO DEBUXO TÉCNICO.	páxina 41
7. Secuenciación dos contidos.	páxina 44
8. Criterios de cualificación para	páxina 61
9. Programación 2º BACHARELATO DEBUXO ARTÍSTICO	páxina 64

10. Secuenciación dos contidos.	páxina 80
11. Criterios de cualificación.	páxina 80
12. Normas da aula de plástica	páxina 82
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas para o curso.	páxina 83

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

O difícil panorama que vive o ensino artístico esíxenos facer un reiterado exercicio de informar e concienciar á opinión pública sobre o valor que estas posúen e que enmende a opinión bastante xeralizada que lles atribúe pouca importancia; someramente, podemos facer un listado de argumentos que ninguén pode negar:

1. Debuxar é unha capacidade fundamental que todos deberiamos adquirir. Enténdase por iso o saber representar e describir algo, real ou ideal, por medio dunha imaxe. É lamentable oír ¿eu non sei debuxar? como desculpa autocomplacente.

Mediante o ensino da E.P.V.A o alumno acaba por dominar a representación fundamental, independentemente dos valores estéticos que poida albergar.

2. Na aprendizaxe da E.P.V.A conflúen o desenvolvemento intelectual e manual.

O exercicio creativo que realiza o alumno, ás veces cun simple papel e un lápiz é extrapolable a calquera actividade proxectual.

Os seus principios xeradores acaban sendo asumidos polo alumno como unha actitude creativa fronte á vida, ser capaz de ter esa predisposición a buscar e proxectar solucións.

3. O alumno, en torno a esta asignatura, aprende un rico compendio de coñecementos en torno ao mundo da imaxe que nos rodea (nunha sociedade cada vez máis visual e mediática), englobados baixo o término de “visual e audiovisual”.

Hoxe na ESO estúdanse campos tan variados como a fotografía, cine, televisión, deseño, infografía, video, cómic co que superar o analfabetismo visual.

4. Os valores artísticos inherentes á actividade plástica, supoñen unha formación e maduración da conciencia estética.

Unha mellor educación estética en todos os cursos e niveis do ensino obrigatorio suporá o mellor investimento para conservar e valorar o noso patrimonio artístico e promover futuras actuacións en diferentes contextos (a cidade, a empresa, a comunidade de vecinos...) que cunha visión estética outorgue o necesario plus que caracteriza ás sociedades máis avanzadas.

5. A E.P.V.A. tamén posúe un carácter científico co que desenvolver o razonamiento gráfico e a visión espacial, obxectivos cuxa importancia convén resaltar como base para afrontar con éxito estudos técnicos posteriores.

6. A arte e a actividade plástica en xeral, non só nos definiron historicamente, senón que ademais aportan prestixio e riqueza ao país. Reflexionemos na contribución ao Produto Interior Bruto de sectores como o deseño gráfico e de moda, a industria publicitaria e cinematográfica, ou o turismo cultural, e a achega que fan os nosos conciudadanos valorados internacionalmente nas máis diversas facetas da creación plástica.

Cursos

A EPVA na Etapa de educación secundaria obligatoria se imparte en 1º de ESO como asignatura obligatoria, tamén en 3º de ESO como asignatura obrigatoria e en 4º de ESO como asignatura optativa. Os grupos que cursan a asignatura no **IES RIBEIRA DO LOURO** son:

1º ESO: 4 GRUPOS

3º ESO: 3 GRUPOS

4º ESO: 1 GRUPO

2ºBACH DEBUXO TÉCNICO : 1 GRUPO

2ºBACH DEBUXO ARTÍSTICO: 1 GRUPO

ANTECEDENTES DO DEPARTAMENTO:

VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS CURSO 2021-22

ESO					
CURSO		EPVA		Nº	%
		Nº	%		
1º	Nº total de alumnos	90			
	Alumnos con evaluación positiva	73	70%		
	Alumnos con evaluación negativa	14	30%		
2º	Nº total de alumnos				
	Alumnos con evaluación positiva				
	Alumnos con evaluación negativa				
3º	Nº total de alumnos	54			
	Alumnos con evaluación positiva	81	97%		
	Alumnos con evaluación negativa	10	3%		
4º	Nº total de alumnos	16			
	Alumnos con evaluación positiva	09	94%		
	Alumnos con evaluación negativa	3	6%		

Bacharelato					
CURSO		1º		2º	
		Nº	%	Nº	%
DEBUXO TÉCNICO	Nº total de alumnos	29		10	
	Alumnos con evaluación positiva		94%		100%
	Alumnos con evaluación negativa		6%		0%

**ALUMNADO EPVA, DEBUXO TÉCNICO e DEBUXO ARTÍSTICO
CURSO 2022 - 23**

CURSO	TOTAL
1º ESO A	17
1º ESO B	16
1º ESO C	18
1º ESO D	17
3º ESO A	24
3º ESO B	26
3º ESO C	24
4º ESO AB	18
2º BACH DT	12
2º BACH DA	8
TOTAL	

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1.- COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

a. A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia matemática, hai que abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, as cales se interrelacionan de formas diversas:

A cantidade. Esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

O espazo e a forma. Inclúen unha ampla gama de fenómenos do noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e as súas representacións; descodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais ou con representacións.

O cambio e as relacións. O mundo desprega cantidade de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, nas cales os cambios se producen dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e saber cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilos e predicilos.

A incerteza e os datos. Son un fenómeno central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas, no que resultan básicas a presentación e a interpretación de datos.

b. As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el dende accións, tanto individuais como colectivas, orientadas a conservar e mellorar o medio natural, decisivas para protexer e manter a calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas; estes métodos conducen a adquirir coñecementos, contrastar ideas e aplicar os descubrimentos ao benestar social.

As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan cidadáns responsables e respectuosos para desenvolver xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de habilitar para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá -persoal e social-, de forma análoga a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Os ámbitos que se deben abordar para adquirir as competencias en ciencia e tecnoloxía son:

Sistemas físicos, asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.

Sistemas biolóxicos, propios dos seres vivos, que están dotados dunha complexidade orgánica que hai que coñecer para preservalos e evitar a súa deterioración.

Sistemas da Terra e do espazo, dende a perspectiva xeolóxica e cosmogónica.

Sistemas tecnolóxicos, derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas, e ao desenvolvemento de novas tecnoloxías asociadas ás revolucións industriais, que foron mellorando a situación dos pobos.

Ao complementar os sistemas de referencia enumerados e promover accións transversais a todos eles, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require, de xeito esencial, a formación e práctica nos seguintes dominios:

Investigación científica, como recurso e procedemento para conseguir os coñecementos científicos e tecnolóxicos logrados ao longo da historia.

Comunicación da ciencia, para transmitir axeitadamente os coñecementos, achados e procesos.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresións culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal, e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo que se refire á propia capacidade estética e creadora, e ao dominio das capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder usalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar estes ámbitos:

O coñecemento, o estudo e a comprensión tanto dos distintos estilos e xéneros artísticos como das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se

crean, así como os trazos das obras de arte producidas. Isto conseguirase mediante o contacto coas obras de arte. Este coñecemento tamén se vincula coa creación da identidade cultural como cidadán dun país ou membro dun grupo.

A aprendizaxe das técnicas e os recursos das diferentes linguaxes artísticas e formas de expresión cultural, así como da integración de distintas linguaxes.

O desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias, partindo da identificación do potencial artístico persoal (aptitude/talento). Así mesmo, tamén se pretende o desenvolvemento da capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.

A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos. É dicir, é a capacidade de imaxinar e realizar producións que supoñan recreación, innovación e transformación. Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos, e esixe desenvolver o autocoñecemento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e a asunción de riscos.

O interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, con un espírito aberto, positivo e solidario.

A promoción da participación na vida e as actividades culturais da sociedade na que se vive, ao longo de toda a vida. Isto leva implícitos comportamentos que favorecen a convivencia social.

O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para crear calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan elaborar traballos colectivos.

Comunicación lingüística

Esta competencia é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos nun gran número de modalidades, formatos e soportes. Representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, que implica un factor de enriquecemento para a propia competencia e que adquire unha particular relevancia no caso das linguas estranxeiras. Polo tanto, un enfoque intercultural no ensino e a aprendizaxe das linguas supón unha importante contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débense atender os cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións nas que se concreta:

O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica, entendendo esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: sociolingüística (vinculada á produción e recepción adecuadas de mensaxes en diferentes contextos sociais), pragmática (que inclúe as micro-funcións comunicativas e os esquemas de interacción) e discursiva (abrange as macro-funcións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe, por un lado, destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación; por outro, destrezas vinculadas ao tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos. Así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, meta-cognitivo e socio-afectivo que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente e que son fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

O compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa artículase en tres dimensións: actitude, motivación e trazos da personalidade.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación, para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, o emprego, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, e a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais dunha adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un novo conxunto de habilidades, actitudes e coñecementos necesarios na actualidade para ser apto nun ámbito dixital.

Un axeitado desenvolvemento da competencia dixital implica abordar varios ámbitos:

A información. Supón comprender como se xestiona esta e de qué modo se pon a disposición dos usuarios, así como coñecer e manexar diferentes motores de busca e bases de datos, sabendo elixir aqueles que mellor respondan ás propias necesidades informativas.

A análise e a interpretación da información que se obtén, o cotexo e a avaliación do contido dos medios de comunicación, en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto en liña como fóra de liña.

A transformación da información en coñecemento, seleccionando apropiadamente diferentes opcións de almacenamento.

A comunicación. Supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e de varios paquetes de *software* de comunicación e o seu funcionamento, os seus beneficios e carencias en función do contexto e dos destinatarios. Ao mesmo tempo, implica saber qué recursos se poden compartir publicamente e cuál é o seu valor. É dicir, trátase de coñecer de qué xeito as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para crear contidos que xeren un beneficio común. Iso supón coñecer cuestións éticas como a identidade dixital e as normas de interacción dixital.

A creación de contidos. Implica saber que os contidos dixitais se poden realizar en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes), así como identificar os programas ou aplicacións que mellor se adaptan ao contido que se desexa crear. Supón tamén unha contribución ao coñecemento de dominio público (*wikis*, foros públicos, revistas), tendo en conta as normativas sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso e publicación da información.

A seguridade. Trátase de saber cales son os distintos riscos que se asocian ao uso das tecnoloxías e os recursos en liña, así como as estratexias actuais para evitalos. Isto supón identificar comportamentos axeitados no ámbito dixital para protexer a información -propia e doutras persoas-, así como coñecer os aspectos aditivos das tecnoloxías.

A resolución de problemas. Esta dimensión leva consigo coñecer a composición dos dispositivos dixitais, as súas potencialidades e as súas limitacións para conseguir metas persoais, así como saber onde buscar axuda para resolver problemas teóricos e técnicos.

Isto implica unha combinación heteroxénea e ben equilibrada das tecnoloxías dixitais e non dixitais básicas nesta área de coñecemento.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se dá ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar e organizar a aprendizaxe, e para persistir nela. Isto esixe, en primeiro lugar, ter capacidade para motivarse por aprender. Tal motivación depende de que se xeren curiosidade e necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e o resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe que se propuxo e, con iso, se produza nel unha percepción de eficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen este. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma. Por outra banda, para o axeitado desenvolvemento do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, resulta necesario abordar estes aspectos:

O coñecemento que o estudante ten acerca do que sabe e descoñece, do que é capaz de aprender, do que lle interesa, etc.

O coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe, así como o saber do contido concreto e das demandas da propia tarefa.

O coñecemento das distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.

Estratexias de planificación nas que se reflicte a meta de aprendizaxe que se persegue, así como o plan de acción cuxa aplicación se ten prevista para alcanzala.

Estratexias de supervisión, dende as que o estudante vai examinando a adecuación das accións que está a desenvolver e a aproximación á meta.

Estratexias de avaliación, coas cales se analiza tanto o resultado como o proceso que se levou a cabo.

A motivación e a confianza son cruciais para adquirir esta competencia. Ambas as dúas se potencian formulando metas realistas a curto, medio e longo prazo. Se se alcanzan esas metas, aumentan a percepción de eficacia e a confianza, e con iso elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva. As persoas deben ser capaces de apoiarse en experiencias vitais e de aprendizaxe previas, co fin de usar e aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos, como os da vida privada e profesional, a educación e a formación.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación na que hai que intervir ou que se debe resolver, e saber elixir, planificar e xestionar as destrezas, habilidades, actitudes e coñecementos necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se desenvolven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe, igualmente, o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

A adquisición desta competencia é determinante para formar futuros cidadáns emprendedores; deste modo, contribúese á cultura emprendedora. Neste sentido, a súa formación debe incluír destrezas e coñecementos relacionados coas oportunidades da carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira, o coñecemento da organización e os procesos empresariais. Igualmente, supón o desenvolvemento de actitudes que leven consigo un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, e a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza. Estas habilidades resultan moi importantes para favorecer o nacemento de emprendedores sociais, como os denominados *intraemprendedores* (emprendedores que traballan dentro de empresas ou organizacións que non son súas), así como de futuros empresarios.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar estes aspectos:

A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación, autocoñecemento e autoestima, autonomía e independencia, interese e esforzo, espírito emprendedor, iniciativa e innovación.

A capacidade proactiva para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar individualmente e de xeito colaborador dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e autoavaliación.

A capacidade de asunción e xestión de riscos, e o manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.

As calidades de liderado, de traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación, capacidade para traballar individualmente e en equipo, capacidade de representación e negociación.

O sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico, sentido da responsabilidade.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade -entendida dende diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa-, e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. Tamén inclúen a capacidade de elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como interactuar con outras persoas e grupos conforme a unhas normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais, inclúen accións máis próximas e inmediatas respecto ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

a. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo no que as persoas se poden procurar un estado óptimo de saúde física e mental, tanto para

elas mesmas coma para as súas familias e o seu ámbito social próximo; tamén implica saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a iso.

b. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe coñecer os acontecementos contemporáneos, así como os feitos máis destacados e as principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial. Engloba, tamén a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de minorías culturais e sociedades híbridas no mundo globalizado.

Polo tanto, para o axeitado desenvolvemento destas competencias, é necesario comprender e entender as experiencias colectivas, a organización e o funcionamento do pasado e o presente das sociedades, a realidade social do mundo no que se vive, os seus conflitos e as motivacións destes, os elementos que son comúns e os que son diferentes. Tamén é preciso coñecer os espazos e territorios en que se desenvolve a vida dos grupos humanos, e os seus logros e problemas, para comprometerse persoal e colectivamente na súa mellora, participando, así, de forma activa, eficaz e construtiva na vida social e profesional.

Do mesmo modo, estas competencias incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa para relacionarse cos demais. Tamén as capacitan para cooperar, comprometerse e facer fronte a conflitos, así como para tomar perspectiva, desenvolver a percepción do individuo respecto á súa capacidade para influír no social e elaborar argumentacións baseadas en evidencias.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas, e a historia persoal e colectiva dos demais. É dicir, trátase de xuntar o individual e o social, o privado e o público detrás de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

A.- Criterio de operatividade: Á hora de organizar e secuenciar os estándares e contidos relacionados do área para cada curso, decidíuse non seguir estrictamente a división en bloques (Debuxo Técnico, Expresión Plástica e Comunicación audiovisual) establecida no decreto que regula a implantación da LOMCE na C.A. de Galicia, senón estruturalos en unidades didácticas que recollan aspectos de dous ou tres dos bloques citados. Creemos que ao ser esta unha materia eminentemente práctica, no que a realización de actividades vertebra o seu desenvolvemento, esta organización resulta máis operativa. Nun mesmo traballo podemos, por exemplo, estudar e avaliar contidos e estándares propios do bloque de Debuxo técnico como os polígonos ou as tanxencias, ao mesmo tempo que desenvolvemos outros propios de Expresión Plástica como o uso da cor ou da luz.

B.- Criterio de organización cíclica: Os conceptos centrais do area repítense en unidades didácticas dos distintos cursos, procurando, de tódolos xeitos, modifica-lo punto de vista dende o que se analizan, deixando aqueles enfoques que requiren un maior esforzo de abstracción mental para os cursos superiores.

C.- Criterio de dificultade: enlazando con esta última idea, tentouse comenazar no primer ciclo cos conceptos máis básicos e concretos (cor, textura, luz...) e profundizar xa no segundo ciclo algúns outros que necesitan unha maior capacidade de análise e xuízo crítico (a imaxe, a publicidade, o feito artístico...), unha maior comprensión espacial (sistemas de representación...) ou unha maior capacidade para o manexo de instrumentos de precisión e tecnolóxicos (trazados xeométricos, deseño, novas linguaxes artísticas...).

D.- Criterio de interés: tentouse introducir en tódalas unidades cando menos algún aspecto que se pode considerar, ou iso creemos, como cercano ós intereses e gustos dos alumnos (bandas deseñadas, cine, video-clips,...) así como outros nos que pidan darse conta da utilidade dos aprendizaxes da área (deseños, planos, etc...).

Deste xeito, os distintos estándares de aprendizaxe e os respectivos obxectivos, contidos e competencias clave relacionados, así como a súa concreción en graos mínimos

de consecución, temporalización e instrumentos para a avaliación organizáronse segundo as seguintes táboas

■ No caso de interrupción da presencialidade das clases, aplicando o protocolo Covid-19, o curso continuaría através dos medios dispostos polo instituto; desenrolando actividades con periodicidade. A comunicación co alumnado se establecerá a través do correo corporativo, foros propios ou vidoconferencias Cisco Webex

OBXECTIVOS DA MATERIA PARA 4º DA E.S.O

1. Analizar os elementos representativos e simbólicos dunha imaxe.
2. Seleccionar o tipo de liña e textura e adecualo á finalidade expresiva da representación gráfica.
3. Cambiar o significado dunha imaxe por medio da cor.
4. Analizar a estrutura de formas da natureza e determinar eixes, direccións e proporcións.
5. Buscar distintas variables compositivas nun determinado campo visual, tendo en conta os conceptos de encadre e equilibrio entre todos os elementos constitutivos.
6. Describir gráfica ou plásticamente obxectos tridimensionais e identificar os seus elementos esenciais.
7. Describir, mediante os distintos sistemas de representación, formas tridimensionales elementais.
8. Realizar un proxecto, seleccionando, entre as distintas linguaxes gráficos, plásticos e visuales, o máis adecuado ás necesidades de expresión.
9. Saber manexar os distintos materiais e instrumentos adecuados ás diversas técnicas gráficas, plásticas e visuais.
10. Apreciar e valorar o patrimonio artístico e cultural da Comunidade Galega, do Estado español e doutras culturas distintas da propia.
11. Expresar ideas por medio de mensaxes visuales respectando os valores e as normas das sociedades democráticas.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPVA
-------	---------------------------	---------	------

1ª PREGUNTA: Servíndote da gama de cores que creas conveniente, crea unha composición abstracta que transmita sensación de festa, de alegría.

2º PREGUNTA: Fai un debuxo a base de liñas onduladas e coloréao cunha gama acromática, con varios tons de grises, branco e negro. Indica despois a sensación que transmite.

3ª PREGUNTA: Elabora unha composición con figuras xeométricas (por exemplo, círculos ou triángulos). Divide a túa composición pola metade e coloreas as figuras da esquerda con cores primarias e as da parte dereita con cores secundarias. Utiliza lápices de cores.

4ª PREGUNTA: Debuxa cun rotulador ou lápiz de cor vermello as liñas de fuga e a liña do horizonte sobre a imaxe. Determina o punto de fuga sobre o horizonte.

5ª PREGUNTA: Identifica nas seguintes imaxes os elementos da comunicación visual: emisor, receptor, mensaxe, medio, así como o código que se utiliza.

6ª PREGUNTA: Realiza unha composición a base de puntos de diversas formas, tamaños e cores, de maneira que produza sensación de profundidade espacial.

7ª PREGUNTA: Traza unha cuadrícula, coa axuda da escuadra e do cartabón, trazando rectas paralelas e perpendiculares. (non ten que encher todo o recadro, pero sí ser cuadrícula regular)

8ª PREGUNTA: Traza unha circunferencia e, dentro dela, debuxa unha figura con simetría radial a partir dun polígono estrelado de seis puntas. Coloreas o resultado de forma simétrica.

9ª PREGUNTA: Fíxate nas imaxes das pinturas e identifica cal amosa formas orgánicas e cal xeométricas.

10ª PREGUNTA: Observa a seguinte fotografía e interprétaa, reproducéaa, usando só formas simplificadas e esquemáticas. Podes usar cores.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

1er TRIMESTRE:

UNIDADES DIDÁCTICAS: 1 -

2º TRIMESTRE:

UNIDADES DIDÁCTICAS 2 – 3 - 4

3er TRIMESTRE:

UNIDADES DIDÁCTICAS: 5-6

UNIDADE DIDÁCTICA 1: A LINGUAXE VISUAL

Obx.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
a c d e h	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC
a d g n	B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC
b c e g n	B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creacións propias. B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.	B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CCEC CSIEE CAA CD
b c e g n	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	CSIEE CCEC
d f l n	B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen.	CSIEE CCEC CSIEE CCEC

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe imprescindibles para acadar o aprobado en 4º da ESO, tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria, son os destacados en cor vermella.

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Actividades	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	CCEC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece e reproduce códigos de expresión xestual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 1: creo un persoaxe cómic, atendendo ás súas expresións e a súa indumentaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 1.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	CCEC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende e utiliza a capacidade expresiva da cor. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procura e achega o material idoneo para concretar as súas ideas creativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 2: customizo obxectos de uso cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 2.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica o proceso de creación artística e as súas fases á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividade 3: bosquexo, deseño, elixo e elaboro un graffiti meus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbrica 3.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende e aplica a necesidade de realizar bosquexos, apuntamentos previos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades 1, 2 e 3. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rúbricas 1,2 e 3. ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece obras e autores de cómic e de graffiti. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece e achega distintos materiais, elixindo os máis idóneos para cada actividade. 		

UNIDADE DIDÁCTICA 2: DESEÑO GRÁFICO E PUBLICITARIO

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
a c d f h l	B3.2. Fases do proceso de deseño.	B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	CCEC
c e g i	B3.5. Campos de aplicación do deseño.	B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	CSIEE CCEC
b e f i	B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	CSIEE CCEC CD CSIEE CCEC CSIEE CCEC
